

O San Sadurniño (A requinta da Laxeira)

Peza do repertorio de Cuco de Velle que conta as desgrazadas vivencias dun home na visita ás festas desta vila. Como é de costume esta peza leva uns pequenos arranxos propios do grupo.

Eu fun á feira de San Sadurniño,
enchinme de viño ,de rir e troular,
bailei a muiñeira,brinquei coas nenas
e cun pé de pino din paus a mallar
AI LA, LA, LA, LA...

Desfíxenlle o baile,rompinlle o pandeiro
e os mozos do Outeiro viñéronse a min;
e tonto non fixen no campo enseguida
das miñas mauciñas dous palmos lle din.
AI LA, LA, LA, LA...

Loitei un anaco cos tres de Liñares,
tumbeinos ós pares sen nada nas mans;
e cun puñetazo dos meus cutrumellos
chimpeille os queixeiros ós tres de Bardaos.
AI LA, LA, LA, LA...

Sentín o aturuxo no medio da ponte
que ata o meu monte sentín que estrombou;
deixeime de andar e apretei a manciña
pois cara min viña quen aturuxou.
AI LA, LA, LA, LA...

E vin unhos homes no monte correndo
cuns paus levantados coma unhos ladrós;
despois de mallarme xunto ao pasadoiro
puxéronme en coiros, aqueles bribós.
AI LA, LA, LA, LA...

Non volvo á feira de San Sadurniño
nin bebo máis viño nin volvo a troular,
nin bailo a muiñeira nin brinco coas nenas

nin co meu pauciño dou paos a mallar.
AI LA, LA, LA, LA...

Veu a furgoneta pintada de neghro
cunha línea roja de adiante a atrás.
Había catro homes, un tolo, un neghro,
un vello, un ghuapo, o Equipo A.
AI LA, LA, LA, LA....

Laaaaailalalá, la la la , lalalaaaaailalalá, la la lai la la...
Se vas á festa da Baña, virás aburrido
comerás castañas asadas e leite fervedo
E ron, e ron, e ron, e ron...
e róncale o corazón....
Ron, ron, ron...
Se vas a Sarandón á festa do viño
has de volver arrastro polo camiños
E ron, e ron, e ron, e ron...
Que eres un borrachón, que eres un borrachón
na festa de Sarandón
Ron, ron, ron...